

O MGSM reivindica a plena atención sanitaria e social das persoas con Trastorno Mental Grave con motivo do Día Mundial da Saúde Mental

- O 10 de outubro é o Día Mundial da Saúde Mental, ocasión na que se pretende poñer o foco sobre o deterioramento asistencial ás persoas con Trastorno Mental Grave
- O MGSM propón un programa de actos nos que analizar esta situación en varios puntos de Galicia ao longo destes días.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2014. Diante da grave situación asistencial, social e laboral na que se atopan os máis de 75.000 galegos e galegas con Trastorno Mental Grave, o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) decidiu facer un chamamento a toda a sociedade para reivindicar a plena atención sanitaria e social ás persoas afectadas con motivo do Día Mundial da Saúde Mental este 10 de outubro.

Cunha serie de accións que se desenvolverán nestes días por toda a Comunidade pretenden lembrar a obriga da Administración e da sociedade no seu conxunto de proporcionar ás persoas con Trastorno Mental Grave os medios asistenciais, sociais e laborais precisos para poder vivir con normalidade e dignidade.

O 9 de outubro remitiremos por correo electrónico aos medios de comunicación a Declaración do MGSM con motivo do Día Mundial da Saúde Mental.

Programa de actos previstos en Galicia

8 de outubro | 17 horas | Santiago de Compostela

Mesa redonda: "Vivir con Trastorno Mental Grave"

Galería Sargadelos (rúa Nova 16, Santiago de Compostela)

Modera: Iria Veiga (MGSM Compostela)

Poñentes:

- Irene Martínez (psicóloga da Unidade de Saúde Mental de Noia - CHUS)
- M^a Mar Piñeiro Sobrido (presidenta da Asociación "Fonte da Virxe")
- Begoña Portela (psiquiatra do Servizo de Psiquiatría do CHUS)
- Cristina Riobó (Comité de Persoas con Enfermidade Mental)

8 de outubro | 17 horas | A Coruña

Mesa redonda: “Día Mundial da Saúde Mental: contra o estigma”

Aula Magna da Facultade de CC. da Saúde, Campus de Oza (A Coruña)

Modera: Marisol Filgueira Bouza (Psicóloga Clínica)

Poñentes:

- César Salgado García (Voluntario Facultade Socioloxía UDC en el programa de TMG de Oza)
- Fátima Barbeito Roel, Noelia Menéndez Torreiro, Manuel Fernández, M^a Ángeles Rodríguez Fandiño (Usuarios e Familiares)
- Paula Tomé (Radio Prometea)
- M^a Carmen García Pinto (terapeuta ocupacional)
- Paula Suárez López (enfermeira)
- M^a Luisa Ortega García (traballadora social)
- Carmen M^a Guitian Martins (auxiliar de enfermería)
- Cristina Rivas Prado (orientadora laboral)

9 de outubro | 19.30 horas | Pontevedra

Mesa redonda: “10 de outubro, Día Mundial da Saúde Mental. Convivindo coa esquizofrenia”

Galería Sargadelos (Rúa Oliva 22. Pontevedra)

Poñentes:

- María del Carmen Martínez Carballa (ex-presidenta da asociación "Alba")
- Asunción Flórez de Losada Fontao (Tesoureira da Asociación "Alba")
- Montserrat García González (psicóloga do CRPL "Alba")
- Víctor Pedreira Crespo (psiquiatra, MGSM)

En **Lugo** e **Monforte** están previstos actos para o 10 de outubro, dos que iremos dando máis información nestes días.

O MGSM é un movemento cívico que pretende a protección da saúde mental en Galicia e a defensa da súa atención pública, ante o grave deterioramento que está a sufrir e o dano que se está a causar nos dereitos das persoas.

Está formado por máis de trescentos profesionais da saúde mental pública de Galicia, profesionais da Administración de Xustiza, cidadáns que comparten a súa Declaración, **organizacións sindicais** (CIG Saúde, Federación de Sanidade de CC. OO.), Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, **organizacións**

de familiares e usuarios dos servizos de saúde mental (Fonte da Virxe, A Creba, ASDAN, Xaruma, ONG-Solidarios Anónimos, Dédalo, Albores), Xuíces pola Democracia, Unión Progresista de Fiscais, Asociación Galega de Médicos Forenses, Asociación de Profesionais de Drogodependencias e Outras Condutas Aditivas, Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Asociación Nacional de Enfermería en Saúde Mental, Mesa Galega da Psicoloxía Clínica, Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes, Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS e o Equipo Boa Vida.